

XOVES 16 DE ABRIL (Solucións)

1- Principais tipos de turismo:

**TURISMO DE SOL E PRAIA:** É o que se dá nas zonas costeiras en que se pode gozar das praias e doutras actividades acuáticas

**TURISMO RURAL:** É o que se desenvolve en pequenas localidades en que se está en contacto coa natureza e con formas de vida tradicional.

**TURISMO CULTURAL:** É aquel en que se visitan cidades e vilas para gozar dos seus monumentos e participar en diferentes actividades culturais.

**TURISMO DEPORTIVO E DE AVENTURA:** É o que consiste en realizar unha actividade física, xeralmente ao aire libre. Por exemplo, cicloturismo, descenso de ríos, windsurf...

2 - Cal é o continente máis visitado do mundo?

Europa é o continente máis visitado do mundo.

3 - Que tipos de turismo son os máis importantes de España?

O turismo de sol e praia, e o turismo cultural.